CHOFER DE SANDÍAS

Texto de ANTONIO RUBIO

Ilustracións de EMILIO URBERUAGA

Tradución de XOSÉ BALLESTEROS

Encadernado en cartoné. 22 x 22 cm. 36 páx. 14 €

Chofer de sandías (galego)
ISBN 978-84-1343-089-8. Demademora.

Chófer de sandías (castelán)
ISBN 978-84-1343-090-4. Álbum ilustrado. Obras de autor/a.

El conductor de síndries (català)
ISBN 978-84-18558-21-4. Àlbum il·lustrat. Obres d'autor.

Sandia-gidaria (euskara)
ISBN 978-84-9172-239-7. Album irudidunak. Egile-lanak.

Esta historia que vos conto
comezou unha tardiña
nunha enorme e gris cidade,
na súa grande avenida ...

«Chofer de sandías» é unha simpática historia ambientada nunha gran cidade, alienada e alienante. Pero mesmo en lugares tan hostís acontecen cousas sorprendentes, excepcionais e insólitas. Como que unha humilde semente de sandía agrome, medre, floreza e dea froitos enroscada nunha farola, convertida en parra luminosa.

Un texto rimado de Antonio Rubio, traducido e adaptado por Xosé Ballesteros, cuxas estruturas rítmicas e compositivas están enraizadas nos esquemas da literatura tradicional traídos á actualidade a través dun escenario urbán e contemporáneo. Os edificios e os centros comerciais, as rúas saturadas de tráfico e de ruído, e os seus habitantes sumidos nas présas, no estrés e abducidos polas novas tecnoloxías, sitúannos nun escenario tristemente recoñecible. A mirada fresca e desinhibida da infancia, a espontaneidade e a creatividade das nenas e dos nenos permiten rachar esa terrible rutina e mudar a paisaxe gris e contaminada polo colorido e a calma.

As ilustracións de Emilio Urberuaga -coa súa intensa paleta cromática, o dinamismo dos seus trazos e as súas enxeñosas achegas gráficas- invítannos a soñar e a imaxinar algo así na nosa contorna: que un feito aparentemente anódino e desapercibido aos ollos da maioría marque un antes e un despois no día a día.

www.Kalandraka.com
comunicacion@kalandraka.com



- **Temática:** ecoloxía, medio ambiente.
- **Idade recomendada:** a partir de 4 anos.
- **Aspectos destacables:** cidades, barullo, estilo de vida urbán, contaminación; texto poético; imaxinación, xogo, humor.
- **Avance do libro:** https://issuu.com/kalandraka.com/docs/chofer-de-sandias-g

Antonio Rubio

(El Puente del Arzobispo, Toledo, 1953)

Mestre durante 40 anos e poeta que, ao seu labor docente e ás actividades en bibliotecas escolares, suma a paixón por ler e escribir. Participa en cursos de animación lectora e formación do profesorado. Dirixe a colección de poesía *Trece Lúas* de FAKTORÍA K. É autor de numerosos libros, entre os que destacan a colección *Do berce á lúa*, «Aurelio», «Cores», «Números», «Juego de letras», «A merliña», «O poliño da abeleira», «Almanaque musical», «Las alas del AVEcedario» e «7 Llaves de cuento» (KALANDRAKA).
https://kalandraka.tv/gl/videos/antonio-rubio/

Emilio Urberuaga

(Madrid, 1954)

Galardoado en 2011 co Premio Nacional de Ilustración pola súa traxectoria artística, que comezou na década de 1980. Dende entón a súa obra está nas principais fundacións e museos do mundo. Creador da imaxe do célebre personaxe Manolito Gafotas, ilustrou preto dun cento de libros infantís publicados en varias editoriais, entre os que destacan «A árbore da escola», «As catro estacións» e «A árbore dos soños» (KALANDRAKA). Ten recibido o VII Premio Anaya, o Premio Crítica Serra d'Or e foi incluído na lista The White Ravens.
https://kalandraka.tv/gl/videos/emilio-urberuaga/